



CONCELLO DE CERCEDA
(A CORUÑA)

BANDO

Ponse en coñecemento da veciñanza de Cerceda, que ante a celebración na noite do 23 da Festa de San Xoán con unha xornada nocturna protagonizada polo lume das fogueiras ou cachelas, o Concello establece unha serie de normas para evitar accidentes e así garantir a seguridade de todas e todos os que nelas participan e, ao mesmo tempo, evitar molestias ao resto da cidadanía. Comunícanse os seguintes feitos:

Permítese a realización de cacharelas en terreos particulares (deberase contar coa autorización expresa do propietario, este feito non será responsabilidade do Concello de Cerceda), cumprindo as normas preventivas que permitan unha celebración segura.

Condicións xerais:

- Este Bando afecta unicamente a aquelas cacharelas que sexan realizadas en terreos particulares, o día 23 de xuño, a partir das 18.00 horas, as cales deberán quedar perfectamente apagadas antes das 06.00 horas do día seguinte.
- Unicamente poderán ser realizadas aquelas fogueiras que teñan efectuada a COMUNICACIÓN, por escrito ao Concello de Cerceda. Estas COMUNICACIÓNS faranse a través da Sede electrónica do Concello de Cerceda, a través do correo electrónico medio.natural@cerceda.es ou vía telefónica 881.86.41.22 por persoas maiores de idade, dende a data de sinatura do presente bando ata o 21 de xuño de 2022.
- Só se poderán realizar as cacharelas en terreos particulares localizados en solo urbano (núcleos urbanos) e en solo de núcleo rural (núcleos rurais). Non se poderán realizar fogueiras que interrompan ou deterioren estradas, camiños e beirarrúas.
- Queda prohibido realizar lume en solo rústico con calquera uso (agropecuario, forestal...), así como en zonas próximas a terreos destas características que sexan susceptibles de causar un lume incontrolado, de acordo coa lexislación vixente.

Medidas preventivas:

- Previamente ao inicio da fogueira, farase unha devasa mediante a eliminación manual ou mecánica da totalidade do material combustible nunha franxa de polo menos cinco metros de longo, rodeando o perímetro que se vai queimar.
- Non se prenderá lume preto de masas forestais ou matogueiras (50 metros de distancia mínima), nin a menos de 15 metros de calquera edificación, tendido eléctrico, instalación de calquera tipo ou vehículo.
- Non poderá iniciarse ningunha fogueira cando as condicións meteorolóxicas poidan dificultar o seu control, especialmente nos días de vento. Asemade, se iniciado o lume se producise a aparición de vento intenso, procederase a apagalo.
- Non se abandonará a vixilancia da zona da fogueira ata que o lume estea totalmente apagado e transcorresen dúas horas sen que se observen lapas ou brasas.
- Deberán terse á man medios adecuados para a extinción do lume.
- O volume de combustible que forme a cacharela non poderá exceder de 2 metros de altura e 3 de diámetro

Outras medidas/condicións:

- Está prohibida a queima de todo tipo de residuos (materiais en cuxa composición interveña o plástico, colchóns, rodas, aerosois, produtos inflamables ou explosivos...), e en xeral, calquera substancia que ao arder desprenda gases ou fumes tóxicos.

Revogacións:

- Este Concello, por iniciativa propia ou por instancia do Servizo Territorial de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais, poderá impedir a realización nos casos que non sexa posible garantir as medidas de seguridade e prevención de incendios.
- En caso de incumprimento do indicado, ou de queixas fundamentadas dos veciños, poderase requirir a extinción das fogueiras.

Observacións:

- Non son obxecto de regulación por este bando as comunicacións de queima de restos agrícolas amoreados, nin as autorizacións de queima de restos forestais, cuxa competencia lle corresponde á Consellería de Medio Rural.

Teléfonos de interese:

Concello de Cerceda: 881.86.41.22

Emerxencias: 112

Policía Local: 608.58.69.40

Protección Civil: 616.42.07.77

O que se fai público para o seu coñecemento e debido cumprimento

Asinado dixitalmente en Cerceda
O Alcalde,
Juan Manuel Rodríguez García